

SESION: VENRES 5 DE XUÑO, 2020

L.GALEGA.

3º DE ED. PRIMARIA

Bos días, nenos e nenas :

Hoxe, celébrase o DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE.



Durante esta semana, estivemos traballando sobre como podemos axudar a coidar o noso planeta. Hoxe vouvos dar algún consellos para aforrar auga.

A AUGA: UN TESOURO



Lee atentamente o seguinte texto:

CONSELLOS PARA AFORRAR AUGA



NO BAÑO

- Pecha a billa mentres enxaboas as mans e cepillas os dentes. Unha billa aberta consome 12 litros de auga por minuto. Podes aforrar ata 24 litros de auga cada vez!
- Dúchate no canto de bañarte. Mantén a ducha aberta só o tempo indispensable. Aforrarás 150 litros de auga cada día!
- Arranxa as billas que go-teen. Podes aforrar ata 30 litros de auga diarios!
- Coloca dúas botellas cheas dentro da cisterna. Aforrarás de 2 a 4 litros de auga cada vez que a utilices!



NA COCIÑA

- Utiliza a lavadora e a lavaloouza só cando estean cheas de todo.
- Lava os alimentos nun recipiente. Despois, reutiliza a auga para regar as plantas.
- Non fregues coa billa aberta. Utiliza unha pouca auga para enxaboar e outra pouca para lavar.



NO XARDÍN

- Rega á tardiña ou pola mañá cedo, para evitar que se evapore a auga.
- Non uses a manguera para limpar patios e terrazas.


COMPETENCIA LECTORA.

Responde as seguintes preguntas:

1. Que significa “facer un uso racional da auga”? Marca as accións en que se fai un uso racional da auga.

- Poñer a lavalouza e a lavadora ben cheas e non a medio cargar.
- Lavar o coche cunha manguera para que quede ben limpo.
- Reutilizar auga para regar as plantas.
- Ducharse durante bastante tempo para quedar relaxado.

2. A partir da lectura, elabora un plan persoal de aforro de auga.



Xa é venres... boa fin de semana, desfrutade moito e lembrádevos de coidar o noso planeta.

Quérovos! Moitos bicos.

